

## FICHA RESUME

PE 403A 2007/ 20-5

<b>Ano</b>	2008
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓNS
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO A PÉ

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.aurea</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Dende Regato Aduana a Rego do Alcalde
<b>Subzonas de explotación</b>	As Sinas, Esteiro, Terrón-O Bote, Castelete

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé		
207 permisos renovados e 6 solicitudes en trámite (16/11/2007)		
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si</b> <span style="margin-left: 100px;"><b>Non</b></span>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
<b>20</b>		

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		160										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de xaneiro a decembro. Rotación de zonas do ámbito do plan.												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : A PÉ												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	Setemb	outub	novemb	dec	
11	12	14	14	14	13	14	15	13	13	12	15	

Especies	A pé (kg/mariscadora/día)	A pé (kg/mariscadora/día)
	Resto do ano	Decembro
Ameixa fina	1kg	2 kg
Ameixa babosa	2kg	3 kg
Ameixa xaponesa	8 kg	10 kg
Ameixa bicuda	Establecido na apertura	Establecido na apertura
Berberecho	8 kg	10 kg

<b>Artes a empregar</b>	Sacho, legón e angazo segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Zona de produción e lonxa de Vilanova de Arousa											
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Vilanova de Arousa											
<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>	X	X	X									
Zonas: Castelete												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>			X	X	X	X						

Zonas:Castelete												
Especies: ameixa fina												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>			X	X								
Zonas: Bote e Castelete												
Especies: Berberecho e ameixa xaponesa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: zona de produción												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

Con respecto á zona de traballo cumpre lembrar que o límite está en Regato Aduana.

A zona de traballo inclúe o estuario de Vilanova, como zona de produción catalogada como C pola orde de 8 de setembro de 2006 pola que se decláran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o establecido no artigo 2º.2 da orde de 8 de setembro de 2006 “o tratamento a que deben ser sometidos os produtos en función da clasificación da zona de produción será o establecido na sección VII do anexo III do Regulamento (CE) 853/2004, do 29 de abril ou na normativa que a modifique ou substitúa”

De acordo co informe técnico o tope de berberecho pode incrementarse con respecto ao solicitado no plan, quedando en 8 kg/mariscadora/día.

Con respecto á proposta de ampliación, o informe biolóxico é favorable debido á mellora productiva de moitas das especies explotadas e o informe da axente de extensión tamén é positivo, polo tanto e a vista da evolución da campaña do presente ano, acéptanse 20 novas incorporacións ao colectivo de marisqueo a pé da confraría de Vilanova.

En relación coas cotas de inicio para as mariscadoras que se inicien na profesión dentro da agrupación de marisqueo a pé da entidade, cumpriría recomendar que a imposición destas cotas extraordinarias sexa ratificada polo órgano de goberno competente da confraría.

A forquilla non é unha arte de marisqueo segundo o Decreto 424/1993, polo que o seu emprego require da aprobación do correspondente plan experimental. O emprego da forquilla restrinxiríase ás zonas de marisqueo a pé e sempre que houbese unha clara delimitación de zonas entre a flote e a pé para evitar conflitos.